



ORDENANZA FISCAL NÚMERO 36

REGULADORA DA TAXA POLO USO DAS INSTALACIÓNS E DOS SERVIZOS XERAIS DO MERCADO COMARCAL GANDEIRO

Artigo 1. FUNDAMENTO E REXIME

1. Este Concello, conforme ó autorizado polo artigo 106 da Lei 7/85 de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e consonte ó disposto no artigo 20.4, u) da Lei 39/88, de 28 de decembro, reguladora das facendas locais, establece a taxa polo uso das instalacións e dos servizos xerais do mercado comarcal gandeiro, que se regulará pola presente Ordenanza, redactada segundo o disposto no artigo 16 da Lei 39/88 citada.

2. Será obxecto deste tributo o uso de calquera dos servizos ou instalacións de carácter xeral que estean á disposición dos usuarios no recinto feiral. Isto enténdese sen prexuízo do alugamento ou contratación dos locais, dependencias e outros elementos non incluídos nesta Ordenanza.

Artigo 2. FEITO IMPOÑIBLE

Constitúeo o uso dos bens de servizo público citados no artigo precedente e a obriga de contribuir nace dende que tal uso se inicie pola entrada no recinto feiral.

Artigo 3. DEVENGO

A taxa considérase devengada, nacente a obriga de contribuir, cando se autorice polo Concello o uso das instalacións. Para estes efectos, poráse á disposición dos interesados o impreso correspondente.

Artigo 4. SUXEITOS PASIVOS

Son suxeitos pasivos desta taxa as persoas naturais ou xurídicas usuarias dos referidos bens.

Artigo 5. BASE IMPOÑIBLE

Tomaráse como base imponible do presente tributo o número de usos dos bens e instalacións, entendendo por tal cada día de uso dos mesmos.

Artigo 6. COTA TRIBUTARIA

1. O importe da taxa regulada nesta Ordenanza será a resultante de aplicar a tarifa contida no apartado seguinte.

2. As tarifas aplicables son as seguintes:

Por cada entrada de gando e dos vehículos que o transporten, no recinto do mercado gandeiro, aboarase, ó mes, a cantidade de 14,13 euros.

Artigo 7.- EXENCIÓNS

Tendo en conta o carácter de servizo obrigatorio que ten o mercado, non se regula beneficio tributario ningún.

Artigo 8.- NORMAS DE XESTION

1. As cantidades esixibles segundo a tarifa anterior, liquidaranse mediante ingreso directo, con periodicidade semestral, e serán pagadeiras por adiantado.



2. Os interesados no uso dos servizos regulados nesta Ordenanza deberán solicitar a correspondente autorización e cubrir o impreso que lles facilitará o Concello. A autorización entenderase prorrogada mentres non se presente a declaración de baixa regulada no parágrafo seguinte

3. Aqueles que desexen causar baixa no servizo, deberán comunicalo por escrito nas oficinas municipais. Para estes efectos, poráse a súa disposición o impreso que corresponda.

4. Para os casos de baixa no uso do servizo, a liquidación das cotas prorratearase por trimestres naturais, e comezará a producir efectos a partir do trimestre natural seguinte ao da presentación da solicitude de baixa.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

A presente Ordenanza fiscal, aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o día 10 de novembro de 2011, entrará en vigor o mesmo día da publicación definitiva no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vixencia ata a súa modificación ou derogación expresa.